

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A FUNDACIÓN ABRACADABRA DE MAGOS SOLIDARIOS

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o día 26.02.2021 coa Fundación Abracadabra de Magos Solidarios o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a citada fundación para a realización dunha acción voluntaria no Hospital Universitario de Ourense, a través do programa de voluntariado “Magia en los hospitales”

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido, que consiste na realización de actuacións e talleres de maxia para os/as nenos/as hospitalizados e os seus familiares, sendo estas actividades desenvolvidas por persoal daquela fundación. Precisamente entre os fins da fundación coa que se convenia destacan os da promoción e realización de actividades de maxia e ilusionismo para persoas ou grupos desfavorecidos, dirixidos tanto á infancia como ao público adulto, os cales adoitan levarse a cabo en hospitais, residencias e centros de acollida. Estas actividades teñen, en todo caso, carácter altruísta e solidario.

Para o desenvolvemento desta actividade de voluntariado, o Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, adoptará as medidas necesarias para que o persoal voluntario da fundación poida levala a cabo coas debidas condicións de hixiene e seguridade, recoñecendo ademais o valor social da

súa contribución. O persoal voluntario da fundación, pola súa banda, recibirá desta a información, formación e orientación necesarios para realizar a actividade, sendo indispensable para elo aportar a correspondente certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes sexuais de todo o persoal voluntario identificado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

